



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO A (Abril – Xuño 2011)



La fiesta del chivo, de Mario Vargas Llosa

Os ingredientes clásicos da gran literatura de ficción e a capacidade de Vargas Llosa para diseccionar a máquina de terror posta en marcha polo dictador dominicano Trujillo conforman unha novela que é moito máis que un relato histórico. Estamos ante un magnífico tratado de psicopatoloxía social. Mario Vargas Llosa foi Premio Nobel de Literatura no ano 2010.

Os outros feirantes, de Álvaro Cunqueiro

Na celebración do Centenario de Álvaro Cunqueiro propoñemos esta lectura na que, xunto con "Escola de menciñeiros" e "Xente de aquí e acola" amosa, nas súas verbas "un retábulo da xente galega que eu coñecín e que eu invento, que é exactamente igual que se a houbera coñecido: é dicir, galegos creedores, galegos máxicos, galegos que non se sorprenden do misterio, que viven no misterio con vivacidade".



Obra poética de Lois Pereiro

A estampa de Lois Pereiro converteuse nunha icona no mundo cultural galego, e neste ano 2011 o Día das Letras Galegas reivindica unha figura que conecta a poesía galega cos movementos da cultura europea dos 80 e a contracultura. Segundo Manuel Rivas, Lois Pereiro "é un mito contemporáneo. A súa obra é avanguardista, universal e tamén dramática, pero con moito alento".

Tierra desacostumbrada, de Jhumpa Lahiri

Colección de relatos definidos por unhas coordenadas constantes: as vidas duns persoaxes, familias de orixe india que viven na Costa Este dos Estados Unidos. O proceso de ósmosis que se produce entre a cultura india e a occidental e a fragilidade das relacións humanas e a gravidade que as vidas adquiren a medida que se toman decisións.



GRUPO A